

FILOSOFÍA, INTENCIÓNS E PREGUNTAS FRECUENTES DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS AWABEBÉS (DE 4-36 MESES)

Estimados/as pais/nais/titores/as do alumnado:

Este texto nace da necesidade de compartir, mostrar e facervos partícipes do proceso de ensinanza-aprendizaxe e das pautas metodolóxicas que desde o comezo da nosa actividade en AWASÁN vimos desenvolvendo e implantando nos programas educativos acuáticos que deseñamos para as idades de 4-36 meses, neste espazo de actividades acuático-educativas, que pais/nais/titores/as compartimos a través dos vosos/as fillos/as.

Partimos dunhas bases psicopedagóxicas que van desde formulacións xa instauradas e/ou de recente implantación na nosa sociedade e no sistema educativo actual como son a concepción **construtivista e cognitivista da educación**, así como doutras formulacións máis novidasas, xa implantadas en sistemas educativos do Norte e centro de Europa e nalgúns comunidades educativas do noso país, que teñen en conta aspectos como o desenvolvemento das **intelixencias múltiples** (Gardner) e a **intelixencia emocional** –que basicamente consiste en **sentir, entender, controlar e modificar estados anímicos propios e alleos**- (Salovey P., Mayer J. e Goleman D., etc.), xa que constatamos ao ser humano como globalidade non separando o afectivo e o emocional, do motor, do cognitivo ou mental, do social e interpersonal, de forma que todo está interconectado.

Neste sentido, enmarcamos a nosa formulación en reforzar o vínculo do amor e confianza entra a nai/pai e o bebé, fortalecendo a seguridade e relación afectiva entre ambos, nun espazo contenedor psicoafectivo, o que nós denominamos **“bañeira social”** (Generelo, P.), continuador da bañeira familiar da casa, como base para unha construción san do novo ser humano en constante evolución e crecemento.

Apoiámonos nestes conceptos para desenvolver as diferentes competencias e capacidades dun ser humano de gran plasticidade neuronal e en evolución constante como é o neno/a, as súas potencialidades motrices acuático-terrestres, desde as máis xerais e instintivas como son os reflexos (“de reptación”, da “glote”, o de “resposta ao sobresalto”, etc.) ás máis globais e básicas (gateo, camiñar, etc.), ademais das específicas e propias do medio acuático [(respiración acuática; desprazamentos subacuáticos; estilos natatorios globais (desprazamentos boca arriba, boca abaixo, ra e delfín); que lle levará a alcanzar cando medre aos máis específicos (libre, costas, braza e bolboreta, viraxes, etc.)]. De maneira que, o tempo que o neno/a conviva co/a seu/súa educador/a acuático/a e o seu grupo de iguais e a/o nai/ pai/titor/a,

nesta viaxe única e irrepetible e de descubrimento e aprendizaxe de si mesmo e dos demais, na auga, sexa o máis **significativo**, creativo, **vivencial e beneficioso** para el/ela.

Por outro lado, está demostrado que os bebés que fixeron actividades acuáticas nos tres primeiros anos de vida desenvolven **unha percepción maior do mundo** que os rodea co que xa están aprendendo a ser máis creativos e observadores. Os estudos e publicacións de Le Camus, Numminen, Sklati, Noriko Saiko, conclúen no sentido de que **a actividade acuática nos bebés pode incrementar a súa capacidade intelectual** debido á enorme plasticidade neuronal que ten o neno/a nesta etapa da súa vida, a cantidade de experiencias e sensacións que lle proporciona a auga e o medio acuático, a través do establecemento de novas conexións neuronais que afectan ao ámbito cognitivo e intelectual.

Por todo isto, esforzámonos en xerar un entorno e situacións de aprendizaxe (xeralmente a través do xogo, como contexto de aprendizaxe) onde o motriz, é a escusa para o desenvolvemento do bebé-neno/a a tódolos niveis da súa personalidade.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE BEBÉS E NENOS/AS (4-36 MESES):

- Desenvolver unha autonomía progresiva e natural na realización das diferentes actividades estimulantes e lúdicas propostas no medio acuático acorde ao seu nivel madurativo.
- Formar unha imaxe positiva, beneficiosa e un coñecemento de si mesmo, que desenvolva a súa autoestima, as súas posibilidades de adaptarse, sentir (xestionarse emocionalmente), pensar, construír, expresarse e actuar no seo do ambiente acuático.
- Espertar a curiosidade, as ganas de explorar e a necesidade de vivir en contacto coa auga, tanto en ambientes artificiais como naturais.
- Establecer relacións sociais e de convivencia sans e afectivas, nun ámbito cada vez máis amplo, tanto cara os seus iguais como cara os seus pais/nais/titores/as e educadores/as.
- Desenvolver e favorecer a expresión creativa e libre que é natural e progresivamente consciente no neno a través da súa globalidade corporal nun novo escenario educativo: o acuático.
- Relacionar e utilizar as aprendizaxes cognitivas desenvolvidas noutros ámbitos como nunha aula, na vida cotián,... como medio e argumento das diferentes actividades didácticas a realizar na piscina, así como para coñecer os materiais, espazos e persoas propios dun entorno acuático.

ALGÚNS CONTIDOS DESENVOLVIDOS:

- Hábitos hixiénicos na piscina.
- Destreza e manexo no material pedagóxico acuático (churro, táboa, pull boys,...).
- Respiración na auga. Inmersións e mergullo.
- O equilibrio acuático I: sistema labiríntico, percepción corporal, sensacións propioceptivas, movementos reflexos: o abrazo, o asento, a arrendeira, etc.
- O equilibrio acuático II: estrela, medusa, cabaliño de mar, etc.
- Saltos e impulsos naturais e creativos.
- Desprazamentos inespecíficos (lontra, delfín, ra, etc.).
- Xiros en diferentes eixes inespecíficos (crocodilo, lavadora, etc).
- Achegamento e participación e goce de actividades acuáticas e subacuáticas.
- As emocións: O medo, a Ira (frustración), a tristeza, a alegría, a sorpresa, o asco (Ekman).
- As expresións das emocións e as súas sensacións corporais: o pranto, a risa, a tensión muscular, a fuxida, a gargallada, etc.
- Os animais acuáticos e terrestres.
- As cores.
- As letras: vogais e o abecedario.
- Os números e operacións simples: suma e resta.
- O xogo motor e o conto motor.
- Utilización de actividades de relaxación acuática. Cancións motoras.
- O masaxe consciente e permitido: na auga e despois do baño.

AVALIACIÓN E INFORMACIÓN

A nosa programación educativo-acuática contempla, atendendo ao carácter globalizador do proxecto un sistema de información e avaliación continua e sumativa, onde procuramos e necesitamos da vosa propia visión e crítica construtiva, para que a información sexa bidireccional.

Para iso, usamos dous modos de información e comunicación:

- Escrito: A través dun boletín de información del alumno/a, no que se contempla un espazo para que nos deades as vosas achegas (información, valoración, críticas,...).
- Persoal: Establecido a través do Dirección técnica, coa colaboración de todo o persoal implicado no proceso de ensinanza-aprendizaxe do/a neno/a.

PREGUNTAS FRECUENTES:

Por que unha formulación co bebé e o neno/a a través do xogo, o descubrimento guiado na auga, cos contos motores, etc., e non poñernos como obxectivo concreto directamente que saiba mover os brazos, as pernas e flotar na auga?. Xa que senón entón, o/a meu/miña neno/a aprenderá a nadar?

Esta cuestión formulada pode xurdir desde unha visión na que o bebé (0-12 meses) ou neno/a (12-24 meses) debe ou pode aprender a “nadar” para sobrevivir na auga [se chamamos “nadar” a por exemplo, alcanzar de forma repetitiva una posición de flotación dorsal (de costas) para que as vías aéreas (nariz, boca) queden fóra da auga co fin de que poida respirar, no caso dos bebés pequenos (0-12 meses)].

Non obstante, nós consideramos, en coincidencia coas correntes psicopedagóxicas actuais que nesta etapa de crecemento do bebé-neno/a (0-12 meses) no que está aprendendo a desenvolver movemento e habilidades globais que parten dos reflexos (ámbito **motriz-cognitivo**), aínda se trata dunha etapa prepersoal (Wilber, K.) na que o bebé aínda está preconsciente (non sabe que sabe), etc. Por outra parte, a nivel **afectivo-emocional** está moi presente o vínculo nai-pai-neno/a, moi necesario para a construción da súa confianza, seguridade e identidade persoal; o que aprende está moi ligado á emoción que se esperta nel ou nela, etc. Por último, no ámbito **social-interpersoal** desenvólvese o descubrimento dun mesmo en base ao outro e ao mundo, o respecto aos tempos, hábitos, normas e regras do xogo social...

Consideramos por isto que **todos estes aspectos deben estar moi presentes para un desenvolvemento integral do bebé-neno/a no contexto acuático e terrestre**. Por iso, segundo a nosa perspectiva ningún obxectivo motriz concreto (como por exemplo: que saiban flotar boca arriba) está por riba de ningunha intención das referidas anteriormente entre os nosos obxectivos e intencións para o programa de Awabebés.

Aínda que algunhas das escolas de bebés nadadores naceron cunha maneira de formular as actividades acuáticas, desde a supervivencia e a aprendizaxe das habilidades específicas da natación, ante o alto número de accidentes que se daban en piscinas particulares, a súa formulación foi evolucionando á par dun coñecemento máis profundo do desenvolvemento do bebé-neno/a e o ser humano.

Todo isto foi necesario para chegar ao punto no que nos atopamos. Aínda coñecemos que coñecemos esa visión utilitaria, que se daba nos primeiros tempos e aínda se sigue dando, aceptamos, respectamos que coexistan dentro do espectro da evolución da ensinanza das actividades acuáticas, pero a nosa intención é transcendela en base aos criterios psicopedagóxicos, humanísticos e científico-técnicos que se manexan no mundo actual en

constante evolución.

Deste modo, **a nosa perspectiva e a nosa forma de entender a aprendizaxe das habilidades acuáticas ten un carácter máis global e integral**. Non entendemos que un obxectivo concreto (a supervivencia, neste caso, a flotación boca arriba) estea por encima do que nos marcan as tendencias que responden ao ritmo, necesidades e capacidades nesta etapa do bebé-neno/a **fortalecer e manter o vínculo afectivo-familiar**, a través do contacto consciente, pel con pel coa nai e o pai, e o **desenvolvemento de tódalas habilidades motrices básicas** que parten dos reflexos e da **expresión e contención das emocións** que vaian xurdindo.

O noso obxectivo é que a educación acuática **non** veña xerada polo medo ao accidente, ao afogamento e **se o goce do bebé-neno/a na auga con e desde o vínculo amoroso dos/das seus/súas pais/nais/titores/as**. Pois ese motor xerará unha forma de ensinanza, unha linguaxe, uns aprendizaxes e vivencias (unha forma de relacionarse co medio acuático e co mundo), que sentimos máis consciente e san para o desenvolvemento integral do bebé-neno/a. **A nosa intención é facerlles máis conscientes, felices, responsables e coñecedores do medio acuático**.

Polo tanto, contestando á pregunta de si aprenderá a nadar concluímos pois que: para nós que o neno/a aprenda a nadar, non se refire unicamente ao limitado aprendizaxe dos diferentes estilos, senón ao **dominio e goce absoluto dun medio como é a auga**, que non só existe na nosa piscina, senón en multitude de espazos naturais (río, mar, lagoas,...). Nos cales, este medio, móstrase moito máis salvaxe e imprevisible. Neles, un ser que “sabe nadar” pódese sentir indefenso e vulnerable. Pero un ser que domina o medio, posúe infinidade de experiencias, en infinidade de situacións, que goza del, que o respecta e o coñece, porque se coñece a si mesmo/a, sentirase como na casa.

Canto tardará o neno/a en aprender a nadar?

Tendo en conta a resposta da pregunta anterior e o enfoque da nosa formulación reflectida na nosa xustificación e obxectivo, poderán entender que vai a depender de moitos factores: a predisposición de cada neno/a a aprender e superar as novas e imprevisibles situacións que se lle dan no medio acuático, a frecuencia das sesións, (sóese recomendar un mínimo de dúas sesións semanais, xa que unha vez á semana supón perder frecuencia no caso de enfermidade ou imprevistos), o grao de maduración de cada neno/a, e o nivel de riqueza de experiencias sensoriomotrices, afectivas, sociais e o seu entorno e experiencias previas coa auga que teña o/a pequeno/a.

En fin **non hai un tempo predeterminado, cada neno/a é único/a na súa relación co medio acuático**.

Que pasa se o neno/a non quere seguir a dinámica da actividade marcada na sesión?

Dentro do aspecto social-interpersoal do bebé-neno/a, a interacción co entorno, co outro, cos hábitos, a toma de decisións que se lle formulan,... van configurando a súa identidade, autoestima, a súa visión de si mesmo/a e dos/das outros/as, a súa capacidade de adaptación ao entorno e ao mundo.

Se observamos a vida cotián, e o mundo que nos rodea, estamos inmersos nunha serie de ritos, de hábitos, ritmos, “xogos sociais”, normas aprendidas de forma explícita ou implícita, que conforman a nosa propia visión da realidade. O **como nos adaptamos** a estes, é dicir, como levamos os cambios que nos acontecen, como xestionamos as emocións que xorden cando as cousas difiren na realidade do que proxectamos na nosa mente, é un claro exemplo do que queremos expoñer. Todo isto entra dentro do ámbito da intelixencia emocional e social.

Nestas situacións nas que o bebé-neno/a non quere seguir a actividade, tratamos de ver **que é o que nos quere dicir ou mostrar co seu comportamento**, que mensaxe resoa en nós, para así, desde a atención plena e o discernimento do que está sucedendo en realidade, pasa á acción consciente.

Ás veces, é simplemente desgusto ou desinterese co que se lle propón, outras aprender onde están os límites e as consecuencias da súa elección, noutras ocasións só é unha chamada de atención cara o adulto para que se cubra a súa necesidade de que estea pendente del/a, outra é o seu impulso explorador e emprendedor; as razóns poden ser moitas e moi variadas, tantas como bebés-nenos/as hai, como pais e nais. A nosa resposta parte da observación, da atención plena e sentir consciente da situación e o comportamento, para logo pasar á acción consciente e intencionada. Nesta acción pode vir a forma de recondución do neno/a á actividade de forma cariñosa pero inflexible (facéndolle ver que hai un tempo para cada cousa e agora é o de “xogar a isto” ou “recoller”,...); outras veces na forma de deixarlle espazo para o seu goce porque o que el/ela está facendo e se propón, está nunha liña interesante e significativa que non contemplamos; outra vez, a acción pasa por expresar de forma asertiva que non pode ser o que el/ela quere nese momento para acompañalo/a na frustración e o enfado que se lle xera, etc.

Así pois cada momento, situación e bebé-neno/a é diferente na nosa formulación. Intentamos ademais atender, respectar e compartir o ritmo e visión dos/das

pais/nais/titor/a do bebé-neno/a.

Que fago se o neno/a chora os primeiros días ou de repente hai unha temporada que comeza a chorar e non quere ir ás clases de actividades acuáticas?

Nesta aventura de acompañalo/a e acompañarvos desde un espazo acuático máis próximo como é a “**bañeira familiar**”, cara un espazo máis amplo como é o da “**bañeira social**”; a nosa intención é a de ofrecer a oportunidade de vivir nesta etapa dunha forma máis san e consciente. Baixo esta perspectiva, recoñecemos que o bebé-neno/a pódese mostrar da mesma forma que en ambos contextos acuáticos.

As novas experiencias, as situacións descoñecidas, especialmente aquelas que “aparentan” poñer en perigo a nosa vida (como o achegamento a un “novo” medio, o acuático) espertan o noso instinto máis primitivo de supervivencia, e conéctannos con determinadas emocións asociadas á nosa mente máis inconsciente (facemos neste punto un inciso, para descartar o medio acuático como un contexto moi especial e interesante para a aprendizaxe da xestión destas emocións, tanto para o/a neno/a como para o adulto).

Pensem ademais que o bebé-neno/a, de 0-3 anos, está inmerso nun proceso no que pasa de percibirse indiferenciado do seu vínculo de protección habitual, a súa nai e o seu pai [(sobre todo na primeira etapa (0-24 meses)], para ir pouco a pouco xerando unha identidade persoal (etapa egocéntrica ou preconscious), pasando á aprendizaxe dentro do seu grupo de iguais e a outra figura de referencia (os/as seus/súas educadores/as).

Por outro lado, todo o que se percibe arredor [as persoas, o ambiente (temperatura, materiais, cores, texturas, formas, sonoridade, etc.), o medio acuático a lembrar, etc.] é novidoso e rico en sensacións que poden acompañar a un “sentir” diferente.

Ademais é unha etapa onde os cambios físicos danse a unha gran velocidade, de forma que o corpo-mente está nun estado de inseguridade e “alerta” ante a asimilación de tantos cambios e modificacións (físicas e mentais), nun continuo aprender.

Por último, como xa compartimos, cada neno/a é único/a, e como todos/as vós sabedes, **o pranto é unha forma máis das moitas da súa expresión natural**. Para algúns/algunhas e para outros/as menos (é esencial o aprender a “escoitar” o que quere dicirnos). Moitas veces están a aprender a relacionarse co mundo e cando senten **medo** e se **senten inseguros/as** (novo espazo, novos amigos/as, novos/as profesores/as, novo medio e que non o dominan), non coñecen outra forma de expresar esa inseguridade que non sexa a través do pranto. Para outros/as, é a súa forma de **mostrar a súa desconformidade ou frustración** coa nova vivencia non elixida, [(algunha posición na que se sintan incómodos (deitados boca arriba, ou boca abaixo), no contacto da auga nas

partes sensibles (ollos, nariz, boca, oídos, etc), o feito de ter que compartir a atención das nais e pais ante a chegada dun irmán/a, cambio de hábitos de ritmo de vida (sono, horarios,...)]. Para outros/as, pode ser que esta nova situación conecta coa súa inseguridade e aparente indefensión ou non protección noutras situacións da súa curta vida.

Neste sentido, nestes como noutros casos que se poden dar, a solución pasa por aumentar a cohesión e comunicación educador acuático/a-pai/nai/titor/a-bebé-neno/a. A nosa intención é a de ter unha comunicación fluída con vós, facer explícita a realidade que pode estar xerando esa emoción e a súa expresión, respectando o voso ritmo e o do neno/a, non obviando esa emoción (e esa expresión do pranto) e non fuxindo dela, acompañándoo e dando a ambos contención nese proceso.

Trátase que **entre todos**, o gran grupo social e educativo que formamos (nenos/as, educadores, familiares,...) **darlle espazo para a expresión e contención desa emoción**, isto é, acompañala/o de forma que aprenda que é algo transitorio, véndoa desde a perspectiva dunha expresión tan san, natural e impermanente como estar alegre e rir. Conter tamén no sentido de, **“deixar expresar”** (na medida na que el/ela poda facelo) o que necesita nese momento para cubrir as súas necesidades, para no que se poda, cubrirollas ata que vaia aprendendo a facelo por si mesmo/a.

Destá forma, o bebé-neno/a vai dándose conta que hai un grupo social a parte da súa familia natural, a súa familia acuática, que está aí para darlle seguridade e acompañamento nesa situación de aprendizaxe, mentres adquira o seu propio. A nosa intención polo tanto, é non evitar ou fuxir das situacións desagradables que provoquen ese pranto, nin tampouco evidentemente provocalas, senón crear un espazo para o bebé-neno/a e o adulto, para que ao igual que noutras emocións e formas de expresión (alegría, risa, gargallada, melancolía, etc.) poidan darse como formas válidas, naturais e necesarias para o noso aprendizaxe, crecemento e evolución como seres humanos.

Esperamos con estas liñas axudar a resolver estas dúbidas tan frecuentes. Non obstante estamos dispostos a facer tantas aclaracións como sexa necesario.

Agradecervos enormemente o voso interese e a vosa confianza en AWASÁN.

Recíbide un afectuoso saúdo.

O Equipo de AWASÁN.